

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0618	Empresa e iniciativa emprendedora	2024/2025	2	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA ÁLVAREZ YÁÑEZ, PATRICIA DEL REY SEIJAS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo profesional E.I.E contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara o autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea. Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional. Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa. Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

O longo dos bloques temáticos procederemos o estudo de distintos aspectos que teñen incidencia e serán de utilidade para o alumno que no futuro faga uso da súa iniciativa emprendedora e proceda a creación do seu propio negocio ou empresa. Por iso e necesario que conte cunha formación empresarial que lle facilite o éxito. O tipo de negocio que se sole crear na nosa zona está constituído fundamentalmente por microempresas de carácter normalmente familiar. Incidirase nas exposicións na aula desta característica.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora.	A empresa. O espírito emprendedor. O plan de recursos humanos. A idea de negocio.	3	20
2	Empresa e contorno.	A localización empresarial. O entorno. A cultura empresarial. A responsabilidade social corporativa. Clases de empresas. Localización. Requisitos de persoa empresaria. O plan de produción. O aprovisionamento. Valoración de existencias. Procesos básicos. O marketing. Investigacións de mercado	10	20
3	Creación e posta en marcha.	Valoración da IDEA. Estudo do Plan de empresa. Formas xurídicas. Responsabilidade legal do empresario. Proceso de constitución, legalización e posta en marcha. Vías de asesoramiento. Axudas e subvencións. Plan de empresa.	25	30
4	Función administrativa.	Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento. Nocións básicas de contabilidade e fiscalidade. Plan financeiro. Documentos administrativos e de pagamento. Elaboración da documentación administrativo-financieira.	25	30

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora.	3

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector informático e das comunicacións.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web, que servirá de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector informático e das comunicacións.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.

Contidos
<p>Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.</p> <p>Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.</p> <p>Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Empresa e contorno.	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web, en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.

**Criterios de avaliación**

CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.

CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

CA2.11 Descríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Creación e posta en marcha.	25

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector informático e das comunicacións.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web, tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

Contidos
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Función administrativa.	25

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Defínense as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web, e diferenciáronse os
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector informático e das comunicacións.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornos web: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

#### 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A profesora dará ao alumnado, na primeira semana de clase, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informarlles sobre onde a teñen a súa disposición para consulta, sendo en todo caso facilmente accesible páxina web do centro, aula virtual etc).

Para superar o módulo o alumno/a deberá obter avaliacións positivas respecto dos seguintes mínimos esixibles:

- Escoller a partir das ideas emprendedoras, unha determinada idea de negocio, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
- Identificar os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e/ou cultural.
- Determinar os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa.
- Definir os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- Describir as actividades e os procesos básicos que se realizarán na empresa que están a proxectar.
- Elaborar un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- Analizar as formas xurídicas da empresa e determinar as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
- Determinar o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.



- Diferenciar o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
- Identificar os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
- Identificar as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
- Analizar as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas no sector do título tendo en conta a súa localización.
- Incluír no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- Analizar os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Definir as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co sector do título.
- Formalizar documentación básica de carácter comercial e contable (facturas).
- Elaborar o plan financeiro e análise da viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

Para a avaliación dos coñecementos acadados por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- PROXECTO DE EMPRESA:

O proxecto de empresa farase por equipos de traballo e serán dun número variable en función do número total de alumnos do módulo. En todo caso, os equipos de traballo estarán formados por un número de entre 2 e 4 alumnos. As tarefas dirixidas á elaboración do proxecto que non sexan presentadas nos prazos establecidos só poderán ser entregadas noutro prazo por causa xustificada documentalmente. As tarefas non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da terceira avaliación. Este proxecto de empresa será elaborado en paralelo ao tratamento dos contidos de cada unidade.

A valoración destes traballos farase conforme unhas táboas de indicadores (lista de cotexo) que o alumnado coñecerá previamente. En cada avaliación valoraranse os apartados do proxecto traballados nese trimestre. Esta nota suporá o 60% da puntuación final da avaliación.

- PROBAS ESCRITAS:

O alumnado deberá realizar en cada avaliación unha ou máis probas escritas sobre os contidos traballados nese período. Trátase de probas obxectivas que terán carácter teórico - práctico, e poderán ser preguntas de resposta curta, tipo test e/ou casos prácticos. Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles. As respostas en branco non puntúan e as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumnado deberá demostrar o coñecemento da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta. En cada proba indicárase o valor de cada cuestión.

Tipo de cualificación: sobre 10 puntos.

A puntuación destas probas será dun 40% da nota da avaliación.

O número de UD impartidas e avaliadas en cada avaliación dependerá das sesións por avaliación.

No suposto de que se teña coñecemento de que o alumnado realizou calquera acto de copia, suplantación ou cambio dunha proba escrita, traballo ou tarefa, anularase a mesma e terá que recuperala.

Na realización das probas escritas, non está permitido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

#### QUALIFICACIÓN TRIMESTRAL:

- Cada avaliación trimestral considerárase aprobada cando se obteña unha puntuación global igual ou superior a 5 (puntuación sobre 10), sendo preciso acadar un mínimo de un 40% en cada instrumento de avaliación para facer media.
- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. Aplicarase o redondeo á unidade máis próxima, por exceso ou por defecto. Non se aplicará o redondeo ó número enteiro superior se o alumno non acada a nota mínima dun cinco.
- A cualificación da primeira e segunda avaliación obterase valorando os apartados do plano de empresa elaborados no trimestre correspondente e a/as probas escritas relacionadas coas unidades traballadas nese trimestre.
- A cualificación da terceira avaliación obterase valorando o plano de empresa completo e a media das valoracións obtidas nos tres trimestres nas probas escritas. Para facer este cálculo seguirase a seguinte ponderación: Plano de empresa 60%, e probas escritas 40% da nota final.

#### QUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO:

- A cualificación final do módulo será o resultado da media das cualificacións dos tres trimestres sempre e cando en cada un deles o alumnado acade unha cualificación igual ou superior a cinco. Se a puntuación final non é un número enteiro, redondearase por exceso ou por defecto. Non se aplicará o redondeo ó número enteiro superior se o alumno non acada a nota mínima dun cinco.
- O módulo considérase superado cando se alcance unha puntuación igual ou superior a cinco.
- En caso de superar o módulo na terceira avaliación, a cualificación rexistrada será a cualificación final.
  - No suposto de que o alumnado non superara algunha das avaliacións, a cualificación na última avaliación non poderá ser superior a un catro.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non teña superado algún ou algúns resultados de aprendizaxe (RA) nas sucesivas avaliacións, ten a opción a recuperalas ao longo do curso, e antes de rematar a terceira avaliación, no día e hora establecido pola docente.

**RECUPERACIÓN XUÑO:**

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso na terceira avaliación, realizarán, no periodo de recuperación establecido polo centro, (durante as semanas restantes ata a avaliación final) as actividades e probas de recuperación que lle marque a docente, correspondentes aos contidos non superados.

A recuperación consistirá en:

- A realización dunha proba escrita relacionada co ou cos RA non superados. Pode ser: tipo test, preguntas de resposta curta, e/ou casos prácticos.

- Deberá presentar con antelación ao día da proba o seu plano de empresa, sempre e cando non teña xa superados os contidos relacionados, e non fora entregado con anterioridade.

O procedemento de avaliación será o empregado durante o curso.

Os RA considéranse superados se alcanza unha nota de 5 ou superior tendo en conta os criterios de cualificación indicados. A cualificación obtida substituirá á anterior.

A data desta proba de avaliación extraordinaria será comunicada aos alumnos/as implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal na aula ou con notificacións na aula virtual ou nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Se algún alumno, sempre seguindo os criterios xerais de avaliación, perderá o seu dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba de avaliación extraordinaria sobre a totalidade dos contidos do módulo. Esta avaliación extraordinaria terá sempre lugar logo da avaliación ordinaria correspondente do ciclo e deberá ser comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, a través dos diferentes medios de publicación que posúe o centro de estudos (xeito verbal na aula, a través da aula virtual, con notificacións nos taboleiros de anuncios...)

Esta proba extraordinaria deberá consistir na resolución dunha proba escrita sobre a totalidade dos contidos do módulo, con posibles preguntas de desenvolvemento, de elección de resposta múltiple e desenvolvemento dalgunhas actividades prácticas relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso. Esta proba global suporá o 40% da cualificación. Ademais, estes contidos deberán ser tratados nun plano de empresa que será recollido antes ou no mesmo día de realización da proba, sendo este último indispensable para superar o módulo, xa que supón o 60 % da cualificación.

O módulo será superado se se alcanza unha cualificación de 5 ou superior. Os criterios de cualificación son os establecidos no apartado 5 desta programación, así como os mínimos esixibles para superar con éxito o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para a avaliación do desenvolvemento desta programación, así como da propia práctica docente, seguirase o seguinte procedemento:

1. Recollida sistemática de información sobre as tarefas docentes que figuran nas actividades das distintas unidades didácticas, que permita o autocontrol do axeitado ritmo de desenvolvemento das actividades programadas.
2. Ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación nas reunións de equipo docente e mediante a aplicación programación, coa fin de poder adoptar as medidas correctoras oportunas, se fose o caso.
  - Enquisas ao alumnado despois de cada avaliación.
  - Memoria de fin de curso segundo modelo correspondente da Consellería, no que amáis de recoller os contidos oportunos, incluíranse segundo proceda, as propostas de mellora cara o seguinte curso académico

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Durante as primeiras sesións do curso académico, realizarase unha proba de avaliación inicial para tratar de determinar se as competencias previas do alumnado son suficientes para cursar o módulo ou se habería quen podería precisar algún tipo de reforzo previo. Esta proba de avaliación inicial constará de preguntas curtas. Dita proba non constituirá obxecto de calificación.

Con esta proba de avaliación tratarase de evidenciar a posesión ou non das competencias iniciais requiridas, a través dos resultados ou produtos que serían esperables de se posuír os coñecementos e destrezas agardados.

Durante a sesión de reunión da avaliación inicial, poranse en común aqueles aspectos que o profesorado considere do alumnado, obtidos da observación dos procedementos e destrezas derivados da toma de contacto e avaliación inicial realizada.

No caso de seren detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, segundo proceda en cada caso concreto, asesorados polo Departamento de Orientación.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o docente correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal

docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado.

A docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.

O alumnado é diferente no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, circunstancias e entorno, capacidades, etc. Todo isto sitúa ós docentes na necesidade de educar "en e para a diversidade".

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación é o desenvolvemento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais dos alumnos senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social. Os temas transversais deben contribuír especialmente á educación en valores morais e cívicos do alumnado.

Son considerados temas transversais:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- Educación ambiental.
- Educación para a saúde.
- Educación vial.
- Educación do consumidor.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Os temas transversais estarán presentes durante o desenvolvemento deste módulo mediante a concienciación do alumnado para evitar discriminacións entre eles, intentado eliminar roles asignados tradicionalmente a un ou outro sexo, potenciando a aceptación por parte de todos e respectando as ideas dos demais; ou fomentando actitudes críticas ante o seu papel de consumidores de servizos públicos e privados. Utilizaranse

debates fundamentados en temas de actualidade relacionados co módulo e cos temas transversais citados.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do ano poderase contar con relatorios, conferencias (expertos de empresas, Universidades, expertos en materias relacionadas coa xestión empresarial en distintas vertentes) ou algunha saída a organismos públicos (concello, Facenda, Seguridade Social, universidade, etc) ou empresas do entorno. Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello social. Estas actividades poderán ser organizadas polo departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do departamento de Orientación ou dende a área de emprendemento.

Dentro das actividades EXTRAESCOLARES -que exceden do horario escolar- poderase organizar, conxuntamente con outros departamentos técnicos visitas a empresas do sector, centros de ensino, etc. Tamén caberá a posibilidade de realizar actividades no Día do Emprendedor, ou outras similares, sempre en función do interese do alumnado e da dispoñibilidade orzamentaria do departamento, así como da oferta das entidades públicas ou privadas que colaboren cos centros educativos. Tamén cabería a organización dalgunha actividade formativa fóra do horario escolar para o aproveitamento do alumnado en materia empresarial, de emprendemento, etc.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Publicidade do presente documento

Na presentación do módulo profesional ao alumnado ao comezo de curso, facilitaráselle toda a información precisa sobre a finalidade do módulo, as unidades didácticas que o compoñen, a metodoloxía a empregar ao longo das sesións e os criterios de cualificación correspondentes. Do mesmo xeito, informaráselle sobre a posibilidade de acceder ao presente documento, que estará á disposición do alumnado da páxina web no centro así como na aula virtual do módulo correspondente.